

RESOLUCIÓN REITORAL POLO QUE SE ESTABLECE O PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN DE REMISIÓN DE ENQUISAS A MEMBROS DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

O envío de enquisas de satisfacción ao alumnado para testar a calidade dos servizos docentes prestados pola USC é unha práctica habitual nos últimos anos. Porén, cada vez son máis habituais as peticións de envío doutros tipos de enquisas, especialmente as enmarcadas en proxectos de investigación.

A USC non conta, neste momento, cun procedemento de envío de enquisas aos membros da comunidade universitaria.

Por todo o anterior, o reitor resolve:

PRIMEIRO. Procedemento previo á difusión

Toda enquisa que se distribúa entre membros da comunidade universitaria debe ser obxecto dunha autorización previa á súa difusión.

Se a orixe da enquisa é institucional, será revisada pola Secretaría Xeral para asegurar o cumprimento da lexislación sobre protección de datos e seguridade da información.

Se a orixe da enquisa non é institucional, só se procederá á súa difusión cando se realice no marco dun proxecto de investigación de concorrencia competitiva desenvolvido na USC ou dun estudo de especial interese para a Universidade avalado polo coordinador ou coordinadora dun grupo de investigación da USC. A Secretaría Xeral tamén as revisará para comprobar a súa adecuación en materia de protección de datos e de seguridade da información.

En calquera caso, cando se traten datos de saúde especialmente protexidos a enquisa deberá someterse previamente á aprobación do Comité de Bioética que corresponda.

Non se permitirá a difusión de enquisas de estudantes para traballos fin de grao ou traballos fin de máster agás que se integren nun proxecto de investigación e sexan sometidos aos controis indicados nos parágrafos anteriores.

SEGUNDO. Programas para a realización de enquisas

O programa utilizado para a elaboración e a recollida de respostas debe ser, preferentemente, unha das autorizadas pola USC.

Cando a complexidade da enquisa non permita o uso de programas institucionais poderá autorizarse o uso doutras ferramentas sempre que a enquisa non comporte o tratamento de datos persoais de especial protección.

TERCEIRO. Requisitos das enquisas

A enquisa debe incluír na súa cabeceira os avisos sobre protección de datos que sexan aplicables ao caso.

Cando sexa preciso solicitar o consentimento explícito para o tratamento dos datos, incluírase na enquisa un recadro de verificación que estará inicialmente baleiro. Se o interesado ou interesada non o marca dando o seu consentimento non debe poder comezar a respostar.

CUARTO. Datos persoais

Agás consentimento expreso, emitido conforme o apartado anterior, as enquisas non poden solicitar datos de identidade, profesionais ou de contexto que permitan, aínda que sexa indirectamente, identificar á persoa que proporciona as respostas. O anonimato será o réxime ordinario das enquisas e non procederá o tratamento de datos persoais sen o previo consentimento.

QUINTO. Sistema de distribución

Para facer chegar a enquisa aos/ás destinatarios/as utilizaranse preferentemente as listas de distribución institucionais.

En ningún caso se cederán os datos de identificación dos/as destinatarios/as da enquisa aos proponentes da mesma.

SEXTO. Arquivo de datos

Os datos recollidos por medio da enquisa deberán gardarse e tratarse en aplicacións institucionais. O seu acceso quedará restrinxido ao menor número posible de persoas, pertencentes en todo caso ao grupo de investigación ou ao equipo de traballo.

SÉTIMO. Difusión

Unha vez verificados os controis establecidos neste protocolo, a autorización da difusión da enquisa será competencia do órgano que teña atribuída a responsabilidade de moderar a lista que corresponda.

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
01/03/2021 19:45:22.

CSV: E3D5-3819-4D1B-8F7D